



Para sabermos algo máis...

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 32-33

Miguel Anxo Nogueira Pérez

Grupo de Investigación DIOEP

miguelanxo.nogueira@usc.es

Neste apartado recóllese unha escolma limitada en número, pero que esperamos que sexa de utilidade para os lectores sobre o tema deste monográfico, ou simplemente teñan curiosidade por coñecer por onde se move a acción tutorial nos últimos tempos. Neste senso, comezamos esta selección por manuais e libros que se publicaron recentemente sobre tutoría nos niveis educativos sinalados:

- GONZÁLEZ BENITO, A. e VÉLAZ DE MEDRANO, C. (2014). *La acción tutorial en el sistema escolar*. Madrid: UNED.

A finalidade desta obra é chegar material básico actualizado

que facilite os procesos de planificación e avaliación da acción tutorial que se leva a cabo desde a educación infantil ata o final da educación secundaria.

- GONZÁLEZ PÉREZ, A. e SOLANO, J. M. (2015). *La función de la tutoría*. Madrid: Narcea.

Esta obra pretende ser unha guía para transitar sen perderse polos diferentes ámbitos da acción tutorial: o alumnado, obxecto directo do traballo do titor ou titora, o equipo docente que debe actuar de forma coordinada e coherente, e as familias con quen hai que establecer liñas de colaboración necesarias.

• MOLINER, L. (2015). *La tutoría entre iguales. Aspectos teóricos y elementos básicos para su planificación*. Castellón: Universitat Jaume I.

O material presentado nesta obra permite a planificación completa da tutoría entre iguais a través de interrogantes, ademais de achegar os fundamentos teóricos máis relevantes sobre a temática e a exemplificación de materiais para a súa posta en práctica axustándose a realidades diversas e complexas.

• PAREJO, J. L. e PINTO, J. M. (coords.). (2015). *La orientación y la tutoría escolar con familias: teoría y práctica*. Barcelona: Editorial UOC.

Neste libro profesionais de diversas disciplinas e ámbitos expoñen as súas experiencias, logros, límites e innovacións relacionadas coa orientación e a tutoría con familias.

• ÁLVAREZ, M. e BISQUERRA, R. (coords.). (2016). *Manual de Orientación y Tutoría* (reed.). Madrid: Wolters Kluwer.

Un experimentado equipo de profesionais do ámbito da orientación e a tutoría achegou os seus coñecementos a esta obra, recollendo os fundamentos teóricos, técnicas, estratexias, experiencias, recursos prácticos e as súas aplicacións reais para facilitar a execución e dinamización da función orientadora e a acción tutorial.

• SANTANA, L. (coord.) (2016). *Educación en Secundaria: retos de la tutoría* (reed.). Madrid: Wolters Kluwer.

Segundo a súa autora, este libro persegue que os profesionais logren unha comprensión cabal do seu labor educativo, que adquiren o gusto polo traballo ben feito e que sexan felices facéndoo, que é a mellor maneira de expandir felicidade entre todos os compoñentes da comunidade educativa.

Tamén cabe salientar algunhas revistas en relación á orientación educativa e tutoría que veñen publicando artigos de interese ou ben monográficos específicos nestes últimos anos:

• *Acción tutorial con las familias*, *Revista Padres y Maestros*, núm. 360 (2014). Monográfico dedicado nesta revista editada pola Universidad Pontificia Comillas de Madrid.

• *Revista Educar y Orientar*. De carácter divulgativo e editada pola Confederación de Organizaciones de Psicopedagogía y Orientación de España, que adoita incluír artigos relacionados coa actualidade da acción tutorial.

• *Revista Española de Orientación y Psicopedagogía*. De carácter académico, editada pola UNED, tamén integra habitualmente artigos relacionados coa tutoría nas diferentes etapas educativas.

Para finalizar non podiamos obviar facer unha breve relación de webs/blogs que mativeron os temas da orientación e a tutoría moi vivos na última década:

• *Orientación educativa y tutoría*: <http://orientacioneducativaytutoria.blogspot.com.es>. Blog autoría da orientadora Susana Vila.

• *Orientación educativa en Galicia*: <http://orientaciongal.blogspot.com.es>. Blog que inclúe unha sección destinada á tutoría.

• *Orienta Galicia*: <https://orientagalicia.blogspot.com.es>. Blog cun espazo dedicado a titor@s.

• *Orientapas*: <http://orientapas.blogspot.com.es>. Blog conformado como unha rede (bar dixital) de aprendizaxe de profesionais da orientación educativa.

• *Orientación Andújar*: <http://www.orientacionandujar.es>. Web considerada imprescindible por moitos profesionais da orientación e da tutoría, que re-



colle unha ampla variedade de recursos educativos.

Case a modo de *bonus-track* nun disco, pechamos esta sección coa referencia a webs de diferentes organismos institucionais nos que se vén traballando e defendendo a práctica dunha orientación e tutoría de calidade no territorio galego e español:

• Web da Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia (APOEGAL): <http://www.apoegal.com>

• Web da Asociación Profesional de Pedagogos/as e Psicopedagogos/as de Galicia (APEGA): <http://www.apega.org>

• Web da Confederación de Organizaciones de Psicopedagogía y Orientación de España (COPOE): <http://www.copoe.org> ■